- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobreirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 25/05/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 25/05/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* CIF P3605600J a cantidade de 128.771,59 €, con destino ao financiamento do investimento “*Creación de senda peonil e ciclable dende rúa Dr. de Oya Salgueiro ata o Carballiño*” (Expte.2022009436) cun orzamento polo importe de 128.771,60 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	128.771,60	128.771,59	0,00	0,01
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	128.771,60	128.771,59	0,00	0,01

- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Valga* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.31833.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA” (Expte.2022008817)

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da EP 5002 A Cañiza-Mourentán, que descorre polo Concello da Cañiza e ten unha lonxitude de 12.681 m. Esta estrada é de dobre sentido de circulación e de sección variable, conecta A Cañiza con Mourentán.

Debido ó mal estado do treito entre o P.Q. 1+200 e o P.Q. 1+700, a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” para dotar á zona de prioridade peonil segura. O ámbito de actuación comeza no P.Q. 1+200 e discorre polo treito antigo ata o P.Q. 1+700 da E.P. 5002. Na súa marxe esquerda está o Cemiterio de San Sebastián de Achas e chega á Ponte Romana das Achas. Trátase dunha zona moi concorrida polos peóns e na actualidade insegura para os mesmos. Ademais a IMD da estrada é moi alta o que dificulta a mellora da seguranza na zona.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	285.447,31€
Presuposto base de licitación	339.682,30€
Presuposto base de licitación con IVE	411.015,58€

3. O Pleno da Corporación do *Concello da Cañiza*, na sesión do 28 de abril de 2022, aprobou o convenio obxecto desta proposta así como o financiamento municipal do 30 por cento (123.304,67euros) do presuposto de licitación das obras, IVE incluído.



4. O 10/05/2022 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais emitiron un informe xustificativo das porcentaxes de financiamento e do grao de prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable:

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial de 2022.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o Tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese desenvolver por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.



- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

ORGANISMO	ACHEGA	ANUALIDADE		%
Deputación de Pontevedra	287.710,91 €	2022		70
Concello da Cañiza	123.304,67 €	2022	36.991,40 €	30
		2023	86.313,27 €	
TOTAL INVESTIMENTO	411.015,58 €			100

A Deputación financiará a súa achega (287.710,91€) con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2022.

A achega do *Concello da Cañiza*, por importe de 123.304,67 € (30%) con destino ás obras financiarase do seguinte xeito: a anualidade correspondente ao ano 2022 por importe de 36.991,40 € será financiada con fondos propios debéndose ingresar á Deputación á formalización do convenio. A anualidade correspondente ao ano 2023 por importe de 86.313,27 € será financiada con cargo ao Plan Concellos 2023.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª.- Supervisión do proxecto. Autorizacións sectoriais.

Conforme ao disposto no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público a supervisión do proxecto nos supostos nos que o orzamento base de licitación é inferior a 500.000 €, IVE excluído, ten carácter facultativo. En calquera caso, aínda que tanto a supervisión do proxecto como as autorizacións sectoriais non son esixibles para a aprobación do convenio, antes da aprobación do proxecto deberán obterse as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica e de Patrimonio Cultural.



6ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas. Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello da Cañiza* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA”

“María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Luis Antonio Gómez Piña, alcalde do Concello da Cañiza, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN QUE

I.- Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

II.- A Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, con especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos e cumprindo a asistencia que debe prestar segundo o disposto no artigo 36 da LRBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.



III.- Segundo dispoñen os artigos 26.1 da LRBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- O artigo 36 LRBRL e os artigos 109 e 110 da LALG lles encomendan ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, para tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva destes, é polo que se instrumenta este convenio.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5002 A Cañiza- Mourentán, que transcorre polo Concello da Cañiza e que ten unha lonxitude de 12.681 m. Conecta A Cañiza con Mourentán e é de dobre sentido de circulación e de sección variable.

O ámbito de actuación comeza no P.Q. 1+200 e discorre polo treito antigo ata o P.Q. 1+700 da E.P. 5002, atopándose a súa marxe esquerda o cemiterio de San Sebastián de Achas e chega á Ponte Romana de Achas. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no contorno do treito estudado, trátase dunha zona moi concorrida polos peóns, e na actualidade é insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona. Debido ó mal estado do treito entre o P.Q. 1+200 e o P.Q. 1+700, a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello da Cañiza, e concretamente entre o P.Q. 1+200 e o P.Q. 1+700 da E.P. 5002, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns. As actuacións propostas teñen por finalidade facilitar a prioridade peonil polo que se proxecta a execución dunha senda peonil de 2,50 m. pola marxe dereita en case todo o treito da actuación e unha plataforma única no treito final duns 170 metros de longo tendo en conta os condicionantes da contorna, na cal se diseña a colocación de mobiliario urbano.

A maiores, o proxecto contempla a execución dunha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo e o cambio do alumeadado.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto deste presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución do proxecto de “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”.

Segunda.- Importe do convenio:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a trescentos trinta e nove mil seiscientos oitenta e dous euros con trinta céntimos (339.682,30€), máis setenta e un mil trescentos trinta e tres euros con vinte oito céntimos (71.333,28 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos once mil quince euros con cincuenta e oito céntimos (411.015,58 €).



Terceira.- Financiamento

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello da Cañiza mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

ORGANISMO	ACHEGA	ANUALIDADE		%
Deputación de Pontevedra	287.710,91 €	2022		70
Concello da Cañiza	123.304,67 €	2022	36.991,40 €	30
		2023	86.313,27 €	
TOTAL INVESTIMENTO	411.015,58 €			100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do Concello da Cañiza será de 123.304,67 € (30% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

O importe da achega do Concello por importe de 123.304,67 € (30%) con destino ás obras financiarase do seguinte xeito: a anualidade correspondente ao ano 2022 por importe de 36.991,40 euros será financiada con fondos propios debéndose ingresar á Deputación á formalización do convenio. A anualidade correspondente ao ano 2023 por importe de 86.313,27 euros será financiada con cargo ao Plan Concellos 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello da Cañiza.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra, nese momento deberase acreditar a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

Os demais gastos derivados desta actuación, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello da Cañiza obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.



- 2) *Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e, polo tanto, en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) *Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, canalizacións, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, de aprobación do convenio asumindo o compromiso ao que fan referencia os puntos 2 e 3 anteriores e concretando o xeito de financiamento da achega municipal.*
- 5) *Solicitar a transferencia das vías que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXE). Este convenio ten carácter de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - *E.P. 5002 A Cañiza - Mourentán. Treito antigo de 330 m de lonxitude situado na marxe dereita do P.Q. 1+440*
 - *E.P. 5102 A Lamosa – A Franqueira – As Achas. Treito antigo de 151 m de lonxitude situado na marxe esquerda do P.Q. 16+040*
- 6) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia de que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) *Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) *Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.*

A comunicación da Deputación ao Concello da Cañiza da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidos polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que lle correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e, para esixir isto, a Deputación de Pontevedra poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 4) *Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello da Cañiza faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pagamento.



Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio , así como para aclarar as dúbidas que xurdan sobre a súa interpretación, constitúese unha comisión de seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.*
- *Propoñerlles ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, contados desde o momento da petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio:

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023. Esta poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción:

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, para a resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e para un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego

Polo Concello de A Cañiza,
Luis Antonio Gómez Piña

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”



Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

14.31834.- ADXUDICACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS ÁS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “CONECTADAS ANO 2022” (Expte.2021063052)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou unha nova edición do programa Conectadas 2022, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Este programa ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para favorecer o asociacionismo e o intercambio de experiencias, contribuír a mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 24 de xaneiro de 2022 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa Conectadas 2022, posteriormente publicadas no *Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)* nº 19 de 28 de xaneiro. Nestas bases figura que as entidades beneficiarias do programa son as asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoiem o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

Resultando que ó abeiro das citadas bases que regulan a convocatoria pública presentáronse un total de 205 solicitudes, sendo valoradas as mesmas polo Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra. Tendo en conta o procedemento de concesión de ditas accións formativas, considéranse favorablemente un total de 188 solicitudes.

Resultando que con data 3 de xuño de 2022 Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme sobre a tramitación do expediente de valoración das solicitudes presentadas para a convocatoria do programa “Conectadas 2022, indicando que con data 27 de maio de 2022, a Xunta de Goberno adxudicou o contrato, por procedemento aberto, para a contratación do servizo para o desenvolvemento, xestión e execución do Programa, á FOROX INNOVACIÓN, S.L. (CIF: B27742014), polo prezo unitario ofertado por obradoiro de 1.427,80 € (IVE incluído).



Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2022, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décimo terceira do programa, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno, unha vez valoradas as solicitudes presentadas ó programa “Conectadas 2022”, acorda por unanimidade adxudicar as accións formativas que figuraban no catálogo deste programa ás seguintes entidades:

1. Relación de 188 entidades ás que se lles concede unha acción formativa:

Nº	Expediente	CONCELLO	DNI/CIF	Nome
1	2022004959	ARBO	G94202470	Asociación Veciñal Deportiva e Cultural e Xuvenil Arcángel San Miguel
2	2022008630	ARBO	G36395598	Asociación de Mulleres Rurais Arbenses
3	2022008483	BAIONA	G36950749	Asociación Centro Cultural e Social de Bahiña
4	2022008524	BAIONA	G36768984	Asociación de Veciños Castro e Ladeira
5	2022007161	BARRO	G94155298	Asociación Cultural Colectivo Espazo 16
6	2022007561	BUEU	G36212645	Asociación de Mulleres Mar e Agro
7	2022009662	BUEU	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer
8	2022007448	CALDAS DE REIS	G94021201	Asociación Via XIXm de Santa Mª de Caldas de Reis
9	2022009260	CALDAS DE REIS	G36386175	Asociación de Mulleres Rurais Santa Mariña
10	2022009267	CALDAS DE REIS	G36547479	Asociación de Mulleres Rurais Sata Lucía de Arcos da Condesa
11	2022009339	CALDAS DE REIS	G36477636	Asociación de Veciños Raigame de Saiar
12	2022009341	CALDAS DE REIS	G36511871	Saiar pola Igualdade
13	2022006597	CAMBADOS	G94061207	Asociación Batuqueiro de Vilarinho
14	2022006835	CAMBADOS	G94104767	Asociación de Mulleres Rurais de Castrelo-As Saiñas
15	2022005567	CAMPO LAMEIRO	G94001666	Asociación Veciñal de Fragas
16	2022010990	CAMPO LAMEIRO	G36327062	Asociación de Mulleres Rurais A Chanciña



17	2022008204	CANGAS	G36380301	Asociación Diagnosticados de Cancro de Mama
18	2022008975	CANGAS	G36348662	Asociación de Mulleres Escola Vella de Hio
19	2022009665	CANGAS	G36324952	Asociación Veciñal Malladoiro Nerga
20	2022011003	CANGAS	G36263721	Asociación de Veciños de Gandón
21	2022011060	CANGAS	G36589372	Asociación Cultural Con de Nerga
22	2022006913	CATORIA	G36461648	Asociación de Amas de Casa Muiños do Vento
23	2022006875	CERDEDO COTOBADE	G36354199	Asociación Socio Cultural Deportiva de Veciños e Amigos de Caroi
24	2022010053	CERDEDO COTOBADE	G36584191	Asociación de Mulleres Ceativas de Quíreza
25	2022011007	CERDEDO COTOBADE	G36305852	Asociación de Veciños San Gregorio de Corredoira
26	2022006384	COVELO	G36515492	Asociación Cultural Virxe da Luz de Castelans
27	2022008589	CRECENTE	R3600113I	Colegio Ntra. Sra. De Fátima Esclavas de la Virgen Dolorosa
28	2022011023	DOZÓN	G36217529	Asociación de Mulleres Rurais pena de Francia
29	2022006357	ESTRADA, A	G36463362	Asociación EDEM Mulleres Rurais de Matalobos
30	2022008604	ESTRADA, A	G94133782	Asociación Mulleres Rurais de San Xoan de Santeles
31	2022009257	ESTRADA, A	G36586741	Asociación de Veciños A Firgha de A Somoza
32	2022009286	ESTRADA, A	G01779511	Asociación Igualdade e Mulleres de A Estrada
33	2022009285	ESTRADA, A	G36218220	Asociación MR Avelina Valladares
34	2022009350	ESTRADA, A	G36207827	Asociación de Mulleres Rurais de Castro
35	2022010009	ESTRADA, A	G36317659	Asociación de Veciños Santa Apolonia de Guimarei
36	2022010024	ESTRADA, A	G36212959	Asociación Rural de Amas de Casa de Arnois
37	2022010041	ESTRADA, A	G36451912	Asociación de Mulleres Rurais A Purísima
38	2022010333	ESTRADA, A	G94116050	Asociación Mulleres Rurais de Ribeira
39	2022010432	ESTRADA, A	G36228500	Asociación Mulleres Rurais e Culturais San Andrés de Veá



40	2022010997	ESTRADA, A	G36132546	Asociación de Veciños San Esteban de Oca
41	2022011034	ESTRADA, A	G36463495	Asociación de Mulleres Rurais de Paradela
42	2022009336	FORNELOS DE MONTES	G36212710	Asociación de Mujeres Rurales Consumidoras Culturais A Xuntanza
43	2022007207	GONDOMAR	G36764322	Asociacións de Mulleres Rurais San Benito de Gondomar
44	2022007745	GONDOMAR	G27835594	Asociación Veciñal Ponte de Mañufe
45	2022010479	GONDOMAR	G36735736	Asociación de Veciños Parroquia San Martiño Borreiros
46	2022004771	GROVE, O	G36014744	Cofradía de Pescadores San Martín de El Grove
47	2022006931	GROVE, O	G36180735	Asociación de Xubilados e Pensionistas de O Grove
48	2022009660	GROVE, O	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer
49	2022011042	GROVE, O	G36224947	Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente do Grove
50	2022004948	GUARDA, A	G36124279	Asociación Erguete de prevención Educación
51	2022010360	GUARDA, A	G36525293	Fundación Las Samaritanas A Guarda
52	2022011070	GUARDA, A	G36018802	Asociación San Xerome Emiliani
53	2022009554	ILLA DE AROUSA, A	G36226116	Asociación de Mulleres Rurais San Vicente de Paul
54	2022005260	LALÍN	G36052843	Asociación de familias e Mulleres Rurais Deza
55	2022005486	LALÍN	G94128139	Asociación Mulleres de Igualdade de Donsión
56	2022006073	LALÍN	G94050291	Asociación de Mulleres en Igualdade de Busto
57	2022006598	LALÍN	G36309151	Asociación de Veciños Bolarqueiros de Noceda
58	2022006822	LALÍN	G36585925	Asociación de Mulleres en Igualdade de Cercio
59	2022007153	LALÍN	G94002953	Asociación Mulleres en Igualdade de Madriñán
60	2022008060	LALÍN	G94125994	Asociación Cultural Pandereteiras Ponte da Prata
61	2022008798	LALÍN	G94179652	Asociación Mulleres de Filgueira
62	2022008804	LALÍN	G36586204	Asociación Mulleres en Igualdade de Santiso



63	2022009282	LALÍN	G36586303	Asociación de Mulleres en Igualdade de Prado
64	2022010471	LALÍN	G94159035	Asociación de Veciños de Catasós
65	2022010950	LALÍN	G36369494	Asociación Aspadeza
66	2022005731	LAMA, A	G94097060	Asociación de Mulleres de Seixido
67	2022006709	LAMA, A	G94047057	Asociación de Mulleres Rurais A Pícará
68	2022008479	LAMA, A	G94158045	Asociación de Veciños de Laxedo
69	2022009346	LAMA, A	G94201233	Asociación de Mulleres Xuntas Creamos
70	2022010963	LAMA, A	G36178697	Asociación de Veciños San Pedro de Gaxate
71	2022010996	LAMA, A	G94004462	Asociación de Veciños de Xende-Paradela
72	2022011021	LAMA, A	G94127339	Asociación Veciñal de Pigarzos
73	2022009663	MARIN	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer
74	2022009674	MARIN	G94122884	Asociación de Mulleres Intercambio do Saber
75	2022007253	MARÍN	G36547818	Asociación de Mulleres O Abeiro de Marín
76	2022008626	MARÍN	G36130565	Asociación de Veciños Pardavila
77	2022010620	MEAÑO	G36186096	Asociación de Mulleres Rurais e Consumidoras O Corazón do Salnés
78	2022010362	MEIS	G36355345	Asociación Mulleres Rurais Os Pazos
79	2022005257	MOAÑA	G36368488	Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer do Morrazo
80	2022008059	MOAÑA	G36181519	Asociación de Mulleres de Moaña
81	2022007181	MONDARIZ	G36169860	Asociación de Veciños Xabriña
82	2022005414	MORAÑA	G36583110	Asociación Cultural Chorima
83	2022005839	MOS	G36417251	Fundación Pazo de Mos
84	2022006124	MOS	G36028827	Centro Recreativo e Cultural de Torroso
85	2022006863	MOS	G36469021	Asociación de Vecinos San Mamed de Torroso-Mos
86	2022008955	MOS	R3600131A	Casa Sta. M ^a de la Esperanza Esclavas de la Virgen Dolorosa
87	2022009661	MOS	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer



88	2022010064	MOS	G36107332	Asociación de Vecinos Nosa terra de la Parroquia San Miguel de Pereiras
89	2022009342	MOS	G36102663	Asociación Recreativa e Cultural de Guizán
90	2022010522	MOS	G27804632	Asociación Palilleir@s de Mos
91	2022010530	MOS	G36039287	Centro Cultural y Social de Herville de Mos
92	2022010897	MOS	G36101988	Asociación de Vecinos Chan do Bosque-Amieorolo
93	2022006138	NIGRÁN	G36995389	Asociación Centro Cultural Recreativo Parada do Miñor
94	2022010509	NIGRÁN	G36793388	Asociación A Camoesa
95	2022004893	OIA	G94167103	Asociación de Mulleres Rurais de Oia
96	2022004894	OIA	G36472025	Asociación de Veciños San Miguel de Viladesuso
97	2022010059	PAZOS DE BORBÉN	G36103927	Asociación Veciñal Santa María de Pazos
98	2022005729	PONTE CALDELAS	G94088184	Asociación Mujeres Rurales Aires del Norte y Olé
99	2022006363	PONTE CALDELAS	G94059185	Asociación Mulleres do Verdugo
100	2022007535	PONTE CALDELAS	G94076684	Asociación de Mulleres Rurais de Xustans e Arredores
101	2022009858	PONTE CALDELAS	G94099389	Asociación Cultural Laxe das Cruces de Tourón
102	2022006578	PONTE CANDELAS	G94190006	Asociación de Mulleres Rurais de Taboadelo
103	2022005227	PONTEAREAS	G94114279	Asociación. Cultural Centro Cultural Cillarga
104	2022005259	PONTEAREAS	G36453728	Asociación. de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta
105	2022006388	PONTEAREAS	G36341113	Asociación de Maiores de Pontearreas
106	2022006854	PONTEAREAS	J36523702	Asociación Cultural Irmáns Barcia
107	2022009349	PONTEAREAS	G36413128	Asociación de Vecinos La Comunidad de Pias
108	2022010389	PONTEAREAS	G36033371	Asociación Casa Cultural Artística e Deportiva de Areas
109	2022005845	PONTEVEDRA	G36127769	Sociedade Cultural Deportiva San Martín de Verducido



110	2022006379	PONTEVEDRA	G94133865	Asociación Cultural Reiriz 2016 Queimada
111	2022006582	PONTEVEDRA	G94200326	Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra
112	2022007212	PONTEVEDRA	G36709004	Asociación Veciñal Doutor Fleming
113	2022007527	PONTEVEDRA	G36392454	Asociación AAVV Outeiro de Castro
114	2022009324	PONTEVEDRA	G36164887	Down Pontevedra Xuntos Asociación Síndrome de Down
115	2022009648	PONTEVEDRA	G36289130	Agrupación. Cultural Deportiva Chan do Monte de San Vicente de Cerponzones
116	2022009652	PONTEVEDRA	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer
117	2022010419	PONTEVEDRA	G36191245	Asociación de Veciños Salcedo-Norte
118	2022010396	PORTAS	G36236669	Asociación Mulleres Rurais Azucareira
119	2022009338	REDONDELA	G36289064	Asociación Andaina de Persoas con Necesidades Especiais
120	2022007570	REDONDELA	G36048262	Asociación Sociedade Cultural do Viso
121	2022009256	REDONDELA	G36459931	Asociación de Mulleres Arela de Saxamonde
122	2022009411	REDONDELA	G36154813	Asociación Veciños Barrio de Saramagoso
123	2022009608	REDONDELA	G36780658	Asociación de Mulleres Rurais Sementeira
124	2022010882	ROSAL, O	G94024205	Asociación Mulleres en Igualdade do Rosal
125	2022011050	ROSAL, O	G36027928	Asociación Agrupación Musical do Rosal
126	2022005843	SALCEDA DE CASELAS	G36179851	Asociación de jubilados y pensionistas de Salceda
127	2022006009	SALCEDA DE CASELAS	G36206357	Asociación de Mulleres Rurais Caselas
128	2022008233	SALCEDA DE CASELAS	G36269280	Asociación Agrupación Cultural Xunco
129	2022008668	SALCEDA DE CASELAS	G36059368	Asociación de Vecinos Caselas
130	2022008669	SALCEDA DE CASELAS	G94114873	Asociación Cultural Deportiva Saliceta
131	2022010464	SANXENXO	G94119633	Asociación neen@s Sanxenxo
132	2022008806	SILLEDA	G94171782	Comité para a Xestión de Proxectos Europeos COXESI



133	2022008807	SILLEDA	G36599603	Asociación de Mulleres Rurais Fervenza do Castelo
134	2022009247	SILLEDA	G36258903	Asociación de Mulleres do Municipio de Silleda
135	2022010015	SILLEDA	G36421089	Asociación de Mulleres Rurais de Dornelas
136	2022010033	SILLEDA	G36568137	Asociación de Mulleres Rurais Santa Isabel
137	2022010378	SILLEDA	G32115941	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade Medelo-Silleda
138	2022010890	SILLEDA	G94092764	Asociación Veciñal Cultural Cortegada
139	2022005555	SOUTOMAIOR	G36302867	Asociación de Mulleres Rurais Anduriña de Arcade
140	2022006573	SOUTOMAIOR	G36214302	Asociación de Veciños San Benito de Romariz
141	2022008629	SOUTOMAIOR	G36597334	Asociación de Veciños de Alxán
142	2022006131	TOMIÑO	G36535318	Asociación de Veciños Cultural Recreativa de Sobrada
143	2022005330	TUI	G94194701	Asociación de Mulleres en Igualdade de Tui
144	2022006651	VALGA	G36187524	Asociación de Mulleres Rurais Consumidoras e Culturales Albor de Valga
145	2022007408	VALGA	G36331114	Asociación de Persoas con Discapacidade dos Vlaes Ulla-Umia ASDIVALU
146	2022005044	VIGO	G36964757	Asociación de Mujeres Viudas Demócratas Europeas de Vigo
147	2022005559	VIGO	G36842284	Asociación Veciños Praza da Miñoa
148	2022006354	VIGO	G27712306	Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo
149	2022006371	VIGO	G36649374	Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcabre
150	2022006373	VIGO	V36658680	Centro Recreativo e Cultural de Cabral
151	2022006585	VIGO	G36623593	Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos
152	2022006707	VIGO	G36654036	Asociación de Veciños de San Pedro de Matamá La Unión
153	2022006843	VIGO	G36684991	Asociación de Veciños As Fontes de Lavadores
154	2022007206	VIGO	G36691855	Asociación Veciñal Cultural e Recreativa San Mamede de Zamáns



155	2022007220	VIGO	G36928646	Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo
156	2022007541	VIGO	G36821817	Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo
157	2022008218	VIGO	G36651073	Asociación Veciñal Cultrual e Deportiva de Cabral
158	2022008600	VIGO	G36688992	Asociación Mujeres Cabral Rosalía de Castro
159	2022008615	VIGO	G36659829	Asociación de Veciños de Coruxo
160	2022008840	VIGO	G36659894	Asociación de Veciños San Roque
161	2022008871	VIGO	G36704195	Federación COGAMI Pontevedra
162	2022008997	VIGO	G36619468	Asociación Mujeres Dorna da parroquia del Cristo de la Victoria
163	2022009657	VIGO	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer
164	2022009856	VIGO	G27753367	Fundación Formavigo
165	2022010052	VIGO	G36648640	Asociación Veciñal San Miguel de Oia
166	2022010381	VIGO	G36624120	APAM Asoc. Familiares persoas con Parálise Cerebral
167	2022010392	VIGO	G36632081	Asociación de Veciños de Beade AVDU-CSCR
168	2022010407	VIGO	G27746486	Asociación Xaruma
169	2022010626	VIGO	G15545353	Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia
170	2022010923	VIGO	G36654184	Asociación Veciñal Sociocultural e Deportiva O Freixo Valladares
171	2022010983	VIGO	G67818765	Con Fias Asociación Polo Empleo
172	2022010991	VIGO	G36627495	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo
173	2022011008	VIGO	G36837433	Asociación Mulleres Pedra da Vella
174	2022011013	VIGO	G27771195	Asociación Veciñal Novo Vigo
175	2022010054	VILA DE CRUCES	G36454163	Asociación de Mulleres Rurais de Loño
176	2022010363	VILABOA	G94190998	Asociación de Mulleres de Vilaboa
177	2022006115	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36154649	Asociación de Veciños de Faxilde
178	2022006376	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36026151	Círculo Artístico Deportivo Gato Negro



179	2022007234	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36228054	Asociación Mulleres Rurais Os Borrizos de Cornazo
180	2022008061	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36135754	Asociación de Vecinos Agustín Romero
181	2022010174	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36358174	Asociación Cultural Xeada de Cornazo
182	2022010475	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36530350	Asociación de Mulleres Rurais Fontecarmoa
183	2022011053	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36264901	Asociación de Mulleres Rurais Xiabre de Guillán
184	2022006575	VILANOVA DE AROUSA	G36202307	Mulleres Rurais O Campanario
185	2022006898	VILANOVA DE AROUSA	G42925594	Asociación de Mulleres Fémimas en Acción
186	2022008587	VILANOVA DE AROUSA	G36377448	Asociación de Mulleres Rurais "As Aceñas" de Baión
187	2022009586	VILANOVA DE AROUSA	G36379188	Asociación de Mulleres Rurais Citana de Baión
188	2022010951	VILANOVA DE AROUSA	G36333292	Asociación de Mulleres Rurais O Mourriño de Coron

2. Relación de un total de 17 solicitudes desestimadas:

Nº	Expediente	CONCELLO	DNI/CIF	NOME DA ENTIDADE	Motivo EXCLUSIÓN
1	2022007746	BAIONA	G36768984	Asociación de Veciños Castro e Ladeira	Solicitud Duplicada
2	2022007855	VILAGARCÍA DE AROUSA	G36026151	Círculo Artístico Deportivo Gato Negro	Solicitud Duplicada
3	2022008528	BAIONA	G36768984	Asociación de Veciños Castro e Ladeira	Solicitud Duplicada
4	2022008525	BAIONA	G36768984	Asociación de Veciños Castro e Ladeira	Solicitud Duplicada
5	2022009414	REDONDELA	G36154813	Asociación Veciños Barrio de Saramagoso	Solicitud Duplicada
6	2022010043	CERDEDO-COTOBADA	G36584191	Asociación de Mulleres Creativas de Quireza	Solicitud Duplicada
7	2022011045	GROVE, O	G36224947	Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente	Solicitud Duplicada



8	2022011046	GROVE, O	G36224947	Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente	Solicitud Duplicada
9	2022011048	GROVE, O	G36224947	Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente	Solicitud Duplicada
10	2022011049	GROVE, O	G36224947	Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente	Solicitud Duplicada
11	2022008482	BAIONA	G27821222	Asociación Folclórica Ardelume de Baiña	Non cumpre requisitos
12	2022010387	VIGO	G36817385	Escola de Tempo Libre Xaruma	Non cumpre requisitos
13	2022010416	SANXENXO	G36022572	Círculo Cultural Deportivo Sanxenxo	Non cumpre requisitos
14	2022011014	VIGO	G36805158	Asociación Centro Cultural de Valladares	Non corrente AEAT
15	2022009283	ESTRADA, A	G94095098	Asociación para el Crecimeinto y Orientación en Familia	Non corrente AEAT
16	2022009638	LALÍN	G94047040	Asociación de Mulleres en Igualdade da Xesta	Non acredtan cargo
17	2022009675	REDONDELA	G36598696	Asociación de Festas do Carmen de Soutoxusto	Non aportan memoria

15.31835.- APROBACIÓN DA 3ª PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA GLOBAL SETUP SL PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE PRODUCCIÓN E CATERING DA GALA DE TURISMO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RIAS BAIXAS CORRESPONDENTE AO LOTE Nº 1 (PRODUCCIÓN DA GALA DE TURISMO)”. (Expte. 2019052073)

Mediante acordo da Xunta de Goberno de 28 de febreiro de 2020, adxudicouse o contrato para a prestación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para a promoción do destino Rias Baixas, correspondente ao lote nº1 Producción da gala de Turismo., á empresa Global Setup SL (CIF B-94.119.104).

Con data 11/06/2020 formalizouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Global Setup SL (CIF B-94.119.104) para a prestación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para a promoción do destino Rias Baixas, correspondente ao lote nº1 Producción da gala de Turismo.



O período de execución do contrato estableceuse desde a data de formalización (11/06/2020) ata o 31/12/2020, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas cunha duración de un ano cada unha.

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 20 de novembro de 2020 acordou aprobar unha primeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para a promoción do destino Rias Baixas, correspondente ao lote nº1 Producción da gala de Turismo, por un período de un ano desde o 01/01/2021 ao 31/12/2021, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial. Así mesmo, con data 8 de outubro de 2021, acordouse aprobar pola Xunta de Goberno unha segunda prórroga do contrato correspondente ao lote nº 1, nos mesmos termos que o contrato inicial.

Con data 18/05/2021 a Xefa do Servizo de Turismo Rias Baixas, solicita a aprobación dunha terceira prórroga do contrato para a prestación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para a promoción do destino Rias Baixas, correspondente ao lote nº1 Producción da gala de Turismo, por un período de un ano desde o 01/01/2023 ao 31/12/2023, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial.

Á vista de dita petición fórmulase preaviso a empresa Global Setup SL (CIF B-94.119.104) da intención de celebrar unha terceira prórroga do contrato para a prestación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para a promoción do destino Rias Baixas, correspondente ao lote nº 1 Producción da gala de Turismo, por un período de un ano desde o 01-01-2023 ao 31-12-2023, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial, sendo notificado electronicamente (Nº rexistro NOT2022009714 con data de posta a disposición 16/05/2022 e data de aceptación 19/05/2022).

O preaviso prodúcese polo tanto, coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para a empresa Global Setup SL (CIF B-94.119.104).

A cláusula 4.3 das xerais do prego de cláusulas económico administrativas de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“a prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.”*

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención (CSV: 32DI86JJILM693GV), de data 26 de maio do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por dúas anualidades, desde 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31 de decembro de 2022”.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar unha terceira prórroga do contrato para a prestación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para a promoción do destino Rías Baixas, correspondente ao lote nº1 Produción da gala de Turismo, por un período dun ano desde o 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2023	433 4320 227.99	36.819,09 €.

O importe do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

16.31836.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAIXÓNS DE ALMACENAXE DE ESTRUTURANTE E BANCOS PARA FERRAMENTAS NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte. 2022006715)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de abril de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*Subministración de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos Centros de Compostaxe Comunitaria da provincia de Pontevedra*”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	CAIXÓNS DE ESTRUTURANTE
2	BANCOS DE FERRAMENTAS



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 11 de abril de 2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de maio de 2022, procedeu á apertura electrónica da documentación presentada no sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliábel mediante xuízos de valor, da única empresa que participa neste procedemento: *Vermican Soluciones de Compostaje SL* (B71066153)

Despois da cualificación da documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou trasladar o resto de documentación presentada polas empresas que concorren aos técnicos do Servizo de Asistencia Intermunicipal para a súa avaliación conforme aos criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores do presente procedemento

Os técnicos do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en data 20 de maio de 2022, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (csv: K739DHRMCP4XII05)

A Mesa de Contratación na súa reunión do día 26/05/2022, en base ó informe da o técnico do servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 25 de maio de 2022, acorda aprobar as valoracións acadadas no sobre “A” polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “*Subministración de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos Centros de Compostaxe Comunitaria da provincia de Pontevedra*”

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación acordou proceder á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliábel mediante criterios automáticos polas empresas que participan neste procedemento, e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable, en función dos criterios non avaliábel mediante fórmulas.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados cos criterios de valoración automática, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, clasificou por orde decrecente as ofertas admitidas, e acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE SL (B71066153) polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comprobou que a *Vermican Soluciones de Compostaje SL* (B71066153), proposta como adxudicataria, figuraba inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estaba debidamente constituída, e non estaba incurso en ningunha prohibición de contratar. Asemade, facultou ao secretario da Mesa para que procedera a requirirle, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



A empresa *Vermican Soluciones de Compostaje S.L.* (B71066153) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022032880, de data 31/05/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 3.399,95 € (carta de pago núm. operación 202200117049, do 01/06/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato da “*Subministración de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos Centros de Compostaxe Comunitaria da provincia de Pontevedra*” á empresa *Vermican Soluciones de Compostaje SL* (CIF: B71066153) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo Lote 1:

Prezo sen IVE:	55.000,00 €
IVE (21%):	11.550,00 €
Prezo total:	66.550,00 €

Prezo Lote 2:

Prezo sen IVE:	43.500,00 €
IVE (21%):	9.135,00 €
Prezo total:	52.635,00 €

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/923.1623.625.01 do vixente orzamento provincial. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento das subministracións realizadas ao abeiro do presente contrato realizarase contra a presentación das correspondentes facturas, vez prestada a conformidade por parte do responsable do contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de exp.:	2022006715	
Órgano xestor:	LA0006129	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: María Martínez Abraldes, xefa de sección de residuos

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

A empresa adxudicataria formalizará o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o aviso de posta a disposición do documento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



17.31837.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 5 (TURISMO RÍAS BAIXAS) DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2018045453)

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do día 07 de marzo de 2019 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de seguridade e vixilancia de diversos centros da Deputación de Pontevedra*”.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de maio de 2019, adxudicou, por lotes, o citado procedemento aberto.

O lote 5 do contrato, correspondente ao servizo de Turismo Rías Baixas adxudicouse á empresa *Servicios SPR Vilanova, S.L.* (NIF: B-36.597.276) de acordo co seguinte detalle:

Prezo ofertado (prezo a tanto alzado para os 24 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	350.390,99 €
IVE (21%):	73.582,11 €
Importe total ofertado:	423.973,10 €

Servizos extraordinarios (prezo/hora de servizo):

Descrición do servizo	Importe hora (sen IVE)	IVE (21%)	Importe hora (con IVE)
Prezo por hora, sen IVE, de servizo de vixilante non armado, xornada laboral diúrna	13,50	2,84	16,34
Prezo por hora, sen IVE, de servizo de vixilante non armado, xornada laboral nocturna	14,55	3,06	17,61
Prezo por hora, sen IVE, de servizo de vixilante non armado, sábados, domingos e festivos diúrna	14,35	3,01	17,36
Prezo por hora, sen IVE, de servizo de vixilante non armado, sábados, domingos e festivos nocturna	15,40	3,23	18,63

En data 26 de xuño de 2019, formalizouse con dita empresa o contrato administrativo, entrando en vigor o 1 de xullo de 2019 cunha duración de dous anos, contemplándose a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2021, aprobou a prórroga do contrato do Lote 5 do “*Servizo de seguridade e vixilancia de diversos centros da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa *SERVICIOS SPR VILANOVA, S.L.* (NIF: B-36.597.276) por unha anualidade desde o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2022, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Con data 26 de abril de 2022 a Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas emite informe no que se indica que no lote 5 contéplase a prestación de servizos de seguridade e vixilancia, entre outros, nas Pousadas de Ribadumia e Meaño, concretamente, respecto ao servizo de acudas das alarmas. No obstante, a partir de do día 30 de abril de 2022 a xestión de ditas Pousadas pasan a mans da empresa concesionaria ARLEA HOTELS SL (NIF: B-64562770).

En dito informe a Xefa de Turismo Rías Baixas indica que por dito servizo a empresa adxudicataria ven emitindo facturas mensuais por importe de 437,99 € máis 91,98 € en concepto de IVE, o que supón un total de 529,97 €.

Con data 4 de maio de 2022, o Xefe do Servizo de Contratación emite informe no que se sinala que *é unha modificación prevista na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas, e tanto as instalacións afectadas como o custe que correspondente diminuír na facturación están determinadas de xeito claro nos pregos. O importe de redución mensual ascende á cantidade de 529,97 euros (ive incluído).*

Con carácter previo á referida modificación, deberá darse audiencia á empresa contratista, e recadar os preceptivos informes do secretario e do interventor. Logo, o órgano de contratación resolverá.

Vista a dilixencia do Xefe de Servizo de Contratación de data 25 de maio de 2022 na que se sinala que a empresa SERVICIOS SPR VILANOVA, S.L. (NIF: B-36.597.276) non presentou alegacións nin documentación ningunha.

Tendo en conta que o Secretario da Deputación, en data 26 de maio de 2022 préstalle conformidade ao informe do Xefe do Servizo de Contratación.

Tendo en conta o informe de fiscalización favorable da Intervención, de data 3 de xuño de 2022. Tendo en conta os informes técnicos referidos no corpo desta Resolución, e a solicitude da empresa contratista, aos que se presta conformidade.

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do contrato de “*Servizo de seguridade e vixilancia de diversos centros da Deputación de Pontevedra*” relativo ao Lote 5 – Turismo Rías Baixas, adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno de data 24 de maio de 2019 á empresa SERVICIOS SPR VILANOVA, S.L. (NIF:B36.597.276).

A modificación do contrato implica unha redución mensual no prezo inicial do contrato de 437,99 euros (sen IVE), quedando establecido o importe anual a facturar no lote 5 en 169.939,63 € (sen IVE).



18.31838.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte. 2019049538) (Devogarán 2022038752)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 12 de xuño de 2020 (CSV.- P1VU0B30JOGRFZ0W), aprobouse a ampliación do contrato relativo a “*Asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” (Expte. 2019049538).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Estrategia y Organización, S.A. -Eosa-* (CIF:A-36196418), “*En representación da UTE ABRAMAR-EOSA*”, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.869,04€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000100945 de data 04/06/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Turismo Rías Baixas no cal se informa que dita empresa cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que procede a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Estrategia y Organización, S.A. -Eosa-*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” (Expte. 2019049538), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *ABANCA*, por importe de 4.869,04€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000100945.

19.31839.- MODIFICACIÓNS DO ACORDO ADOPTADO EN XUNTA DE GOBERNO DE 04/03/2022 (Nº2.31379), NO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA A “CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CTOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022”. (Expte: 2022004164)

No acordo núm. 2.31379 adoptado en Xunta de Goberno de 4 de marzo de 2022 no que se aproban as bases reguladoras de subvencións para a “*Concesión de axudas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas da provincia de Pontevedra para o ano 2022*”, establece na súa base terceira. Financiamento o seguinte: “*A concesión das subvencións estará suxeita a dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo a aplicación 22/340.3410.489.04 do orzamento da Deputación para o ano 2022 por importe total de 250.000,00€, dos cales 120.000,00€ serán destinados á liña 1 e 130.000,00 € a liña 2*”, e na base cuarta: Entidades beneficiarias establécense: “*Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra*”.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 19 de maio e o claro incremento de solicitudes presentadas, respecto o ano 2021, recibíndose 217 o total de solicitudes neste 2022; polo que co fin de que poidan acadar unha subvención adecuada a finalidade a realizar, propónse un incremento de importes a subvencionar.

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade facer as seguintes modificacións no acordo:

Na base terceira: Financiamento, onde figura: “*convocarase con cargo a aplicación 22/340.3410.489.04 do orzamento da Deputación para o ano 2022 por un importe total de 250.000,00 €, dos cales 120.000,00 € serán destinados á liña 1 e 130.000,00 € a liña 2*”, debe figurar: “*convocarase con cargo a aplicación 22/340.3410.489.04 do orzamento da Deputación para o ano 2022 por importe total de 330.000,00 €, dos cales 180.000,00 € serán destinados á liña 1 e 150.000,00€ a liña 2*”

Na base cuarta: Entidades beneficiarias, onde figura: “*Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra*”, debe figurar: “*Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, excepto as federacións deportivas que poderán ter o domicilio fiscal fora da provincia de Pontevedra*”, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

Esta nova convocatoria publicarase no BOPPO, abrindo un novo prazo de vinte días hábiles, para a presentación de solicitudes.



20.31840.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB ATLETISMO PORRIÑO EN CONCEPTO DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL (ATLETISMO). (Expte: 2021011123)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Club Atletismo Porriño*, con NIF: G36320380, do *Concello de O Porriño*, por un importe de 1.143,32 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Atletismo)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022033269 con data 01/06/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder presentar a xustificación en prazo, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

21.31841.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONDADO BIKE AD EN CONCEPTO DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL (CICLISMO). (Expte.2021015330)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Condado Bike Ad*, con NIF:G94149291, do *Concello de Ponteareas*, por un importe de 410,76 €, para “*Deporte Federado Ámbito Inferior A Nacional (Ciclismo)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022033456 con data 02/06/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

22.31842.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DE “VIGO MAFLA SURF CLUB”, EN CONCEPTO DE DEPORTE FEDERADO, ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (SURF). (Expte. 2021015309)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Vigo Mafía Surf Club*, con NIF: G27832534, do *Concello de Nigrán*, por un importe de 876,93 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Surf)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022033888 con data 03/06/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por falta de documentación xustificativa, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



23.31843.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DE TUI CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE TUI”.
(Expte.2021056181)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (Acordo nº3.31058), de data 10/12/2021, concedéuselle ao *Concello de Tui* unha subvención, por importe de 11.313,50€, para levar a cabo o proxecto “*Sinalización do patrimonio cultural de Tui*”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, con cargo á aplicación 22/332.3322.762.00.2021 do vixente Orzamento Provincial.

Visto o escrito presentado polo *Concello de Tui*, de data 20 de maio de 2022 e número rexistro WEB 2022031093, a través do cal solicita unha prórroga do prazo de execución da subvención concedida, por seguir á espera da preceptiva autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a realización do devandito proxecto de sinalización.

Visto o informe desfavorable da Intervención Provincial á concesión da citada prórroga, que ten o seguinte teor literal:

“... Con data de 10 de decembro de 2021 foi aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (Acordo núm. 3.31058) unha subvención a favor do Concello de Tui, con NIF: P3605500B, por un importe de 11.313,50 euros, para a realización do proxecto da Liña B de “Sinalización do patrimonio cultural de Tui” (convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico – cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021), con cargo á aplicación orzamentaria 22/332.3322.762.00.2021.

Tendo en conta que, o prazo de execución para o obxecto da subvención será ata o 30 de xuño de 2022 e os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa da subvención, como prazo máximo, o 30 de setembro de 2022.

- *Con data 20/05/2022 e núm. de rexistro WEB2022031093 recibíuse escrito do Concello de Tui no que se solicita a concesión dunha prórroga para a execución das citadas actuacións. A necesidade da prórroga vén motivada pola demora na concesión da perceptiva autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para poder executar o proxecto subvencionado.*

Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas seguintes bases das reguladoras destas axudas:

- *Base Décimo terceira. Modificación da resolución: “... Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven, no prazo máximo de catro (4) meses antes de que finalice o prazo de execución establecido na base décimo cuarta e, será obxecto de resolución polo órgano competente...”.*
- *Base Décimo cuarta. Xustificación: “...Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención será ata o 30 de xuño de 2022...”.*



Conclusión:

Por todo o exposto infórmase desfavorablemente a concesión da prórroga solicitada”.

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar a concesión dunha prórroga ao *Concello de Tui* para a execución da subvención derivada do proxecto “*Sinalización do patrimonio cultural de Tui*”, concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, nos termos expostos no informe da Intervención Provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.

24.31844.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE POIO (Expte. 2021012502)

Dada conta que con data de rexistro 24/02/2021 (rex. núm. 2021004563) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de M^a de los Angeles Álvarez Montero (S/REF. AX 2020/5743), por danos en vehículo producidos, segundo manifesta, a consecuencia dun desnivel na calzada á altura do cruce das rúas Beiramar e Padre Avelino, no Concello de Poio, o día 11/08/2020, e que foi cuantificada economicamente en 454,61 €.

Resultando.- Que con data 17/03/2021, e con fundamento nos artigos 5.3 e 18 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse ó interesado para que, no prazo de dez días, subsanara a instancia acreditando a representación e achegando certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non fora indemnizado por mor deste sinistro.

Resultando.- Que con data 07/04/2021, solicita a ampliación do prazo para presentar a documentación requirida, conferíndose na data 23/04/2021 un novo prazo de cinco días para a aportación da mesma.

Resultando.- Que con data 27/04/2021 presenta poder de representación outorgado por D^a. M^a. de los Angeles Álvarez Montero a favor de D. Daniel Muñoz Ruiz.



Resultando.- Que con data 11/05/2021, requíreselle novamente e por prazo de cinco días para que aporte certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non fora indemnizado por mor deste sinistro, a cal foi aportada na data 28/05/2021.

Resultando.- Que con data 31/05/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2 do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 15/06/2021, co seguinte contido :

- a) *O punto onde se produciron os supostos danos corresponde a unha intersección entre dúas estradas provinciais, para ser máis exactos a intersección existente no P.K. 1+700 da E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO.308 co final da E.P. 0602 Portosanto-Lourido-Campelo.*
- b) *A Policía Local de Poio non dou aviso da incidencia refrexada na solicitude de reclamación, nin informou da existencia dunha suposta deficiencia na estrada provincial no punto indicado, sen existir tampouco rexistro algún de acontecementos producidos pola mesma causa en datas anteriores ou posteriores.*
- c) *A E.P. 0602 Portosanto-Lourido-Campelo foi humanizada no ano 2019, debido ao seu estado de deterioro, consistindo a actuación na execución dunha plataforma única en lastro de pedra co fin de crear unha zona de convivencia entre os vehículos motorizados e os peóns, de preferencia peonil, nun entorno con edificacións consolidadas en ambas as marxes da estrada provincial, sobrelevando a plataforma con respecto da rasante da calzada co fin de acougar as velocidades dos vehículos motorizados á entrada e saída da mesma e contemplar velocidades máximas de 20 km/h, rematando a totalidade das obras en xullo do ano 2019.*

Para poder sobrelevar a plataforma con respecto da rasante da calzada se instalaron resaltos nas entradas da mesma, cumprindo en todo momento co indicado na “Instrución de Deseño dos dispositivos de precaución para as Vías Provinciais”, sinalizando a existencia dos resaltos con sinalización horizontal e vertical, tal e como especifica a instrución, e indicando coa pintura da liña lateral da estrada provincial o lugar por onde os vehículos motorizados tiñan que acceder á plataforma sobrelevada, remarcando con frechas de pintura branca a existencia dos resaltos de acceso á mesma, tal e como especifica a norma.

- d) *Tendo en conta a sinalización horizontal e vertical existente no punto onde se produciu a incidencia, estando as entradas rodadas á plataforma sobrelevada claramente sinalizadas mediante liñas continuas na marxe da estrada que marcaban en todo momento o trazado que os vehículos tiñan que realizar para poder acceder á plataforma sen ningún tipo de obstáculo, a maiores da sinalización dos resaltos de acceso á mesma mediante frechas de pintura branca tal e como especifica a norma, parece que o percance é froito dun despiste do conductor máis que dun problema de existencia dun resalto na estrada sen unha correcta sinalización, debendo intentar o conductor do vehículo motorizado acceder á plataforma sobrelevada atravesando a liña contínua que prohibía o acceso nese punto, sen facer caso das liñas continuas na marxe da estrada que redirixían aos vehículos ata o lugar por onde se podía subir á plataforma sen ningún tipo de obstáculo.*







Estado da intersección entre as E.P. 0601 e E.P. 0602 en agosto do 2020



- e) *A día de hoxe, no punto onde se produciron os supostos danos existe un paso de peóns sobreelevado executado durante as obras de mellora da seguridade viaria desde o P.K. 0+000 ata o P.K. 1+700 da E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO.308, obras que consistiron na execución dunha senda peonil pola marxe dereita da estrada provincial desde o P.K. 0+000 ata a intersección coa E.P. 0602 Portosanto-Lourido-Campelo, executando un paso de peóns sobreelevado no punto indicado para conectar a nova senda peonil coa plataforma sobreelevada executada no ano 2019 na E.P. 0602 Portosanto-Lourido-Campelo, facilitando desta forma o cruce de calzada aos usuarios da nova senda peonil, realizando itinerarios peonís contínuos polas estradas provinciais ata a zona do porto deportivo e praia de Lourido.*



Estado da intersección entre as E.P. 0601 e E.P. 0602 na actualidade

Edo.- Jaime David Ruibal de Sola
O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais,
Daniel
Díaz

Romay

Resultando.- Que con datas 07/07/2021 e 07/09/2021, e apreciada unha contradición entre os datos da instancia (Concello de Cangas) e os datos do lugar do accidente recollidos no informe da Policía Local (Concello de Poio), requiriuse ó interesado para que aclarara en cal deles ocorreu o sinistro, indicando na data 21/09/2021 que o mesmo produciuse no Concello de Poio, sendo a referencia á localidade de Cangas un erro de transcripción.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral, agás no relativo á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación e ó retraso na cumprimentación de requirimentos.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- A Policía Local de Poio non dou aviso da incidencia refrexada na solicitude de reclamación, nin informou da existencia dunha suposta deficiencia na estrada provincial.
- A E.P. 0602 foi humanizada no ano 2019, coa execución dunha plataforma única en lastro de pedra co fin de crear unha zona de convivencia entre os vehículos motorizados e os peóns, de preferencia peonil, sobreelevando a plataforma con respecto da rasante da calzada co fin de acougar as velocidades dos vehículos motorizados á entrada e saída da mesma e contemplar velocidades máximas de 20 km/h, rematando a totalidade das obras en xullo do ano 2019.
- Para poder sobreelevar a plataforma con respecto da rasante da calzada instaláronse resaltos nas entradas da mesma, cumprindo en todo momento co indicado na “Instrución de Deseño dos dispositivos de precaución para as Vías Provinciais”, estando os mesmos sinalizados con sinalización horizontal e vertical, tal e como especifica a instrución, e indicando coa pintura da liña lateral o lugar por onde os vehículos motorizados tiñan que acceder á plataforma sobreelevada, remarcando con frechas de pintura branca a existencia dos resaltos de acceso á mesma, tal e como especifica a norma.
- A velocidade máxima no tramo onde se produciu o accidente está limitada a 20 km/h.
- Dende un punto de vista técnico non semella viable que circulando a 20 km/h se poidan ocasionar os danos no vehículo.
- Non houbo ningún outro accidente nese punto polo mesmo motivo.



Considerando.- Que se trata dunha zona de preferencia peonil, existindo senalización horizontal e vertical no punto onde se produciu a incidencia, estando as entradas rodadas á plataforma sobreelevada claramente sinalizadas mediante liñas continuas na marxe da estrada que marcaban en todo momento o trazado que os vehículos tiñan que realizar para poder acceder á plataforma, a maiores da senalización dos resaltos de acceso á mesma mediante frechas de pintura branca tal e como especifica a norma, así como a velocidade limitada a 20 km/h, polo que todo parece indicar que, máis que dun problema de existencia dun resalto na estrada sen unha correcta sinalización, o percance é froito dun despiste do condutor, que accedeu á plataforma sobreelevada atravesando a liña continua que prohibía o acceso nese punto, sen facer caso das liñas continuas na marxe da estrada que redirixían aos vehículos ata o lugar por onde se podía subir á plataforma sen ningún tipo de obstáculo, o que fai descansar a responsabilidade no condutor do vehículo. Así, en aplicación analóxica, o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, recolle o seguinte: “todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidade moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

- a) Quando haya peatones en la parte de la vía que se esté utilizando o pueda preverse racionalmente su irrupción en ella.

- i) En el cruce con otro vehículo, cuando las circunstancias de la vía, de los vehículos o las meteorológicas o ambientales no permitan realizarlo con seguridad.

Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”*.

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*



Artigo 132.1: “...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”.

Artigo 154: “R-301 Velocidad máxima: Prohibición de circular a velocidad superior, en kilómetros por hora, a la indicada en la señal”.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

25.31845.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(Expte.2022040599)

Vista a relación de facturas con número 2022040599, que contén 13 facturas e por un importe de 26.493,76 € e con CSV: E6C531C87BE5Q40A, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 2 de xuño de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	25.961,67 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	532,09 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	26.493,76 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



26.31846.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2022040568)

Vista a relación de facturas con número 2022040568, que contén 2 facturas e por un importe de 213.768,33 € e con CSV: OL1UT7412UR8SEOA, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 2 de xuño de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	213.768,33 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	213.768,33 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

27.31847.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa polo Servizo Xurídico da Deputación de Pontevedra-ORAL (Expte: 2022033668)

ACTOS FAVORABLES (Desestimacións e Inadmisións)

SENTENZAS

Reclamación Débedas aos Herdeiros.

1. *Sentenza nº 289/2021 de 07 de xullo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 15009/2021 (dimanante do PO 188/2020 JCA2Po*

Dáse conta da Sentenza nº 289/2021 de 7 de xullo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 4ª, ditada en autos do Recurso de Apelación 15009/2021 (dimanante do Procedemento Ordinario 188/2020 JCA nº 2 Po), promovido por por D. Juan Maria Rocafort Morales, Jose Maria Rocafort Morales, Salvador Rocafort Morales e María de la Flores Rocafort Morales contra Sentenza nº 31/2021 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra Resolución de Tesourería de 31/01/2020 estimatoria parcial do recurso de reposición contra a resolución recaída no expediente iniciado para a identificación dos herdeiros de Rocafort Martinez Manuel (Herdeiros de) e a reclamación da débeda que figura pendente de cobro a nome do causante, na que se desestima o recurso de apelación e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Recadación Executiva- Providencia de Prema.

2. *Sentenza nº 1245/2021 de 19 de outubro do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 5ª, ditada en autos do Recurso de Casación 2471/2019.*

Dáse conta da Sentenza nº 1245/2021 de 19 de outubro do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 5ª, ditada en autos do Recurso de Casación 2471/2019 promovido por *Zona Franca de Vigo* contra Sentencia nº 064/2019 de 1 de febreiro, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sec. 4ª), ditada no Recurso de Apelación 15047/2018 interposto contra Sentenza nº 072/2018 de 13 de xullo, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario 240/2017 contra resolución de 07/06/2017 desestimatoria recurso de reposición contra a Providencia de Prema emitida polo concepto - TE Outros Ingresos de Dereito Público – Concello de Nigrán, na que se desestima (no ha lugar) o recurso de casación interposto. Sendo a contía do procedemento de 4.691.892,50 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo.

3. *Sentenza nº 206/2021 de 02 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 275/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 206/2021 de 02 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 275/2020 promovido por *D. Manuel Rodríguez Alonso* contra Resolución de 02/03/2020 (Expt. 40740000000631) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra embargo emitido polo concepto TE – IVTM 2016 e 2013 – *Concello de Mos*, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento inferior a 30.000 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

4. *Sentenza nº 178/2021 de 09 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 311/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 178/2021 de 09 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 311/2020 promovido por *D. Juan Carlos Fernández Amoros* contra Resolución de Tesourería de 01/07/2020 desestimatoria do recurso interposto contra EMBARGO -Ref: 2000869271 – Expt. Executiva: 2019EXP39032419, relativo a débedas co *Concello de Cangas*, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 149,73 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



5. *Sentenza nº 315/2021 de 29 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 253/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 315/2021 de 29 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 253/2020 promovido Euro Roca SL contra Resolución de 31/07/2020 desestimatoria do recurso de reposición contra: a) Providencia de Prema emitida polo concepto taxa do auga exercicio 2012, importe 7.251,60 € (expt.- 39920000004543), e b) Embargo por importe de 61.126,99 €, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU)

6. *Sentenza nº 316/2021 de 30 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 191/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 316/2021 de 30 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Proc. Abreviado 191/2020, promovido por D. Samuel Pousada Soaje contra resolución desestimatoria de 01/06/2020 (Expt.- 39050000035243) e Inadmisión do recurso extraordinario de revisión contra a de Resolución de 08/01/2020 (Expt. 39050000034159), relativas as liquidacións do IIVTNU do Concello de Moaña, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 6.361,02 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

7. *Sentenza nº 205/2021 de 02 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 229/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 205/2021 de 02 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Proc. Abreviado 229/2020, promovido por D. Valentin Cancelas Costa contra resolución de Tesourería de 29/06/2020 (Expt.- 39100000008077, desestimatoria do recurso de reposición contra liquidacións do IIVTNU, Concello de Moaña, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á actora, sendo fixada a contía do procedemento en 3.639,85 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



8. *Sentenza n° 208/2021 de 03 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 232/2020.*

Dáse conta da Sentenza n° 208/2020 de 03 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Proc. Abreviado 232/2021, promovido por *D. Alexander Curras Pérez* contra resolución de 29/062020 (Expt. 39050000032901) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, Concello de Moaña, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á actora, sendo fixada a contía do procedemento en 1.819,84 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

9. *Sentenza n° 235/2021 de 05 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 240/2020.*

Dáse conta da Sentenza n° 235/2021 de 05 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Proc. Abreviado 240/2020, promovido por *D. Rafael González Rui* contra Resolución de Tesourería de 12/08/2020 desestimación do recurso de reposición contra liquidacións do IIVTNU do Concello de Salvaterra de Miño, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 1.026,20 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

10. *Sentenza n° 210/2021 de 03 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 154/2021.*

Dáse conta da Sentenza n° 210/2021 de 03 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Proc. Abreviado 154/2021, promovido por *Banco de Santander* contra desestimación presunta da solicitude de revisión de oficio e devolución de ingresos indebidos presentada o 05/09/2019 fronte a liquidación do IIVTNU, Concello de Moaña, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 1.126,63 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Procedemento Inspector

Inspección Taxa do 1,5%

11. *Sentenza nº 223/2021 de 21 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 344/2020.*

Dáse conta da Sentencia nº 223/2021 de 21 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Proc. Abreviado 344/2020, promovido por *Integración Europea de Energía SAU* contra a resolución de 19/10/2020 pola que se desestima o recurso de reposición contra a imposición de sanción tributaria “por non presentar correctamente as declaracións da taxa do 1,5%, período 2015 a 2017”, Concello de Sanxenxo, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto con imposición das costas a recorrente, sendo fixada a contía en 164,84 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Multas de Tráfico

12. *Sentenza nº 286/2021 de 07 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 158/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 286/2021 de 07 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 158/2021 promovido *D. Carlos Alberto Nouche Millan* contra resolución Expt. Sancionador do Concello da Estrada nº 10545/2020 - sanción de 1000 € e detración de 6 puntos, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á actora. Sendo fixanda a contía do procedemento en 1000 € e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Taxas e Prezos Públicos

13. *Sentenza nº 259/2021 de 08 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 065/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 259/2021 de 08 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 065/2021 promovido por *Galicia Entertainment SL* contra Resolución de 09/12/2020 (39920000005748) estimatoria en parte do recurso de reposición interposto contra embargo practicado para o cobro da taxa emitida polo concepto Ocupación vía Pública – 2º Semestre 2018 – Concello de Cambados, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento en 648,69 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



DECRETOS

Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI)

14. Decreto nº 147/2021 de 02 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 164/2021.

Dáse conta do Decreto nº 147/2021 de 02 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Ordinario 164/2021, promovido por D.^a Nieves González Rodas contra Resolución de Tesourería de 25/02/2021 desestimatoria do recurso de reposición contra Liquidacións do IBI – Urbana 2017 a 2020 - Concello de Cangas, polo que se acorda ter por desistida á recorrente, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

ACTOS PARCIALMENTE FAVORABLES (Estimacións Parciais)

SENTENZAS

Multas de Tráfico

15. Sentenza nº 176/2021 de 09 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 304/2020.

Dáse conta da Sentenza nº 176/2021 de 09 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 304/2020 promovido por D.^a María Ángela Pena Fernández contra Resolución de Tesourería de 31/08/2020 desestimatoria do recurso de reposición contra a providencia de constrinximento emitida polo concepto Multa de Tráfico - Expt..Sancionador: 12467/2019 – Concello de Cangas, na que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido parcialmente favorable da citada sentenza.

Procedemento de Recadación

Inspección IAE

16. Sentenza nº 265/2021 de 19 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 166/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 265/2021 de 19 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 166/2021 promovido por Drene Electric, SLU contra Resolución de Tesourería de de 01/03/2021 pola que se inadmite o recurso de reposición interpuesto contra as providencias de constrinximento derivadas da Inspección do IAE, Concellos de Cangas, Estrada (A), Lalin, Porriño (O), Soutomaior, Vilaboa, na que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 6.319 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido parcialmente favorable da citada sentenza.



ACTOS DESFAVORABLES (Estimacións)
SENTENZAS

Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo.

17. *Sentenza nº 257/2021 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 343/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 257/2021 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 343/2020 promovido por D.^a Carmen Santiso Rolan contra Resolución de Tesourería de 06/10/2020 desestimatoria do recurso de reposición interposto contra o requirimento de ben para o seu embargo – Expediente de Executiva 2016EXP39035065, na que se estima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 955,58 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

Multas de Tráfico (1)

18. *Sentenza nº 255/2021 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 127/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 255/2021 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 127/2021 promovido por D. Amado Danoz González contra Expediente Sancionador en Materia de Multas de Tráfico nº 8546/2020 – Concello do Porriño, na que se estima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 84 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

19. *Sentenza nº 262/2021 de 16 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 065/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 262/2021 de 16 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 065/2021 promovido por D. Ramiro Nicolas Lorenzo Cuervo contra Expediente Sancionador en Materia de Multas de Tráfico nº 10516/2020 – Concello de Tui, na que se estima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



20. *Sentenza nº 310/2021 de 21 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 117/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 310/2021 de 21 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 117/2021 promovido por D.^a *María Angela Pena Fernández* contra Resolución da Alcaldía do Concello de Cangas, desestimatoria do recurso de reposición contra o Expt. Sancionador 12467/2019, na que se estima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

Inspección do Impostos sobre Actividade Económicas (2)

21. *Sentenza nº 270/2021 de 21 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 062/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 270/2021 de 21 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 062/2021 promovido por *Curenergía Comercializadora de Último Recurso SAU* contra Resolución de Tesourería de 22/12/2020 pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra resolucións de 10/08/2020 desestimatorias do recurso contra liquidacións (188) derivadas do procedemento de inspección do IAE, na que se estima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 53.331,48 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

22. *Sentenza nº 294/2021 de 16 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 013/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 294/2021 de 16 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 013/2021 promovido por *Integración Europea de Enerxía SAU* contra Resolución de 19/10/2020 desestimatoria do recurso de reposición contra as liquidacións derivadas da Inspección do IAE (distribución enerxía eléctrica – exercicio 2017 a 2020), Concello de Pontecesures, na que se estima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento en 286,95 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



23. *Sentenza nº 268/2021 de 13 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 056/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 268/2021 de 13 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 056/2021 promovido por *Iberdrola Clientes SAU* contra Resolución de 17/11/2020 (39920000010113) desestimatoria do recurso de reposición contra as liquidacións derivadas da Inspección do IAE (distribución enerxía eléctrica – exercicio 2017 a 2020), na que se estima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento en 63.978,18 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

24. *Sentenza nº 287/2021 de 02 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 159/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 287/2021 de 02 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 159/2021 promovido por *Holaluz Clidom SA* contra Resolución de 25/02/2021 (39920000013835) desestimatoria do recurso de reposición contra as liquidacións derivadas da Inspección do IAE (distribución enerxía eléctrica – exercicio 2017 a 2020), na que se estima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento en 45.803,39 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

25. *Sentenza nº 301/2021 de 17 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 076/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 301/2021 de 17 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 076/2021 promovido por *Wind To Market SA* contra Resolución de 28/12/2020 (399200000112449) desestimatoria do recurso de reposición interpostos contra 36 Liquidacións derivadas da Inspección do IAE (Distribución enerxía eléctrica-exercicios 2017 a 2020) na que se estima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento en 12.929,87 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU)

26. *Sentenza nº 264/2021 de 16 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 270/2020*

Dáse conta da Sentenza nº 264/2021 de 16 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 270/2020 promovido por D.^a María Isabel Sanluis Parada contra Resolución de Tesourería de 12/08/2020 desestimatoria recurso de reposición interpostos contra liquidación do IIVTNU – Concello de Moaña, na que se estima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 8.456,09 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

27. *Sentenza nº 282/2021 de 29 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 329/2020. (3)*

Dáse conta da Sentenza nº 282/2021 de 29 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 329/2020 promovido D.^a Dolores Aurelia Garcia Villar contra resolución de 18/09/2020 - Expt.- 40900000005472, desestimatoria do recurso de reposición contra liquidación do IIVTNU, Concello de Moaña, na que se estima o recurso contencioso-administrativo. Sendo fixada a contía do procedemento en 112.742,48 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

Imposto sobre Bens Inmóbeles (IBI)

28. *Sentenza nº 256/2021 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 053/2020.*

Dáse conta da Sentenza nº 256/2021 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 053/2020 promovido por D.^a María del Carmen Acedo Manteola contra Resolución de Tesourería de 26/11/2019 desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a liquidación emitida polo concepto – IBI Urbana 2019 e Resolución de 12/08/2020 desestimatoria do recurso interposto contra as liquidacións emitidas polo concepto – IBI Urbana 2017 e 2018, na que se estima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 2.036,94 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



AUTOS

Taxa Licencia ICIO

29. *Auto nº 120/2021 de 04 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 064/2021.*

Dáse conta do Auto nº 120/2021 de 04 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 064/2021, promovido por *Rovedra SL* contra Resolución de Tesourería de 30/11/2020 (Expte.39920000013043) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación da Taxa por Licencia Const. e Obras, importe 100 € - *Concello do Porriño*, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

Procedemento de Reclamación – Derivación de Responsabilidade.

30. *Auto nº 144/2021 de 17 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 229/2021.*

Dáse conta do Auto nº 144/2021 de 17 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 229/2021, promovido por *W Diamant Herramientas SA* contra desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra o expediente de derivación de responsabilidade de débedas polo IBI 2013-2014, *Concello do Porriño* (Expte. 39320000032801), importe 4.663,78 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

28.31848.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

